



## RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Catoira

## BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. a) RXP. O interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos.

Artigo 6. 1. c) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Lei 13/2008, do 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia. Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Artigo 6. 1. d) RXP. O tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa.

Artigo 6. 1. e) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

## FINS DO TRATAMENTO

Mediación (adultos e menores). Centro municipal de maiores. Servizo a domicilio para a infancia. Servizo a domicilio para comunidade ou grupo (como grupos familiares). Teleasistencia. Axudas económicas individualizadas: gastos excepcionais nos que concorran circunstancias de grave ou urxente necesidade social. Gastos destinados a cubrir necesidades básicas familiares. Intervención para a prevención e inserción social: persoas ou grupos de alto risco. Servizo de dependencia a persoas maiores de 65 anos. Servizo de dependencia a persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial. Servizo de dependencia a persoas con enfermidade mental crónica. Servizo de dependencia a nenos/as menores de 3 anos. Axuda ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Centro de día para persoas maiores dependentes. Centro de día para menores (Centro ocupacional). Centros de atención preventiva para as persoas maiores (CEAM). Vivenda tutelada. Prevención de situacións de desprotección social e desarraigamento familiar. Actuación ante situacións de desprotección social e desarraigamento familiar. Intervención familiar. Atención a situacións de emerxencia social. Banco de alimentos. Xestión de ficha social (autonómica/provincial). Avaliación de necesidade social. Programas de inserción social. Educación e apoio familiar. Vixilancia de escolaridade obrigatoria. Xestión e colaboración en programas autonómicos e provinciais.

## COLECTIVO

Usuarios individuais ou colectivos, familiares e representantes legais.

## CATEGORÍAS DE DATOS

Datos de infraccións: Natureza penal ou administrativa.

Datos de categoría especial: Saúde (Diversidade funcional), orixe racial ou étnico, vítima de violencia de xénero, risco de exclusión social.

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, número da seguridade social, tarxeta sanitaria, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma, sinatura electrónica.

Características persoais: Datos do estado civil, idade, datos de familia, sexo, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento.

Circunstancias sociais: Características de aloxamento, vivenda, asociación, licenzas, permisos ou autorizacións.

Académicos e profesionais: Formacións, titulacións, historial do estudante, experiencia profesional, pertenza a colexios ou asociación profesionais.

Detalles do emprego: Corpo/escala, categoría/grao, posto de traballo, datos non económicos de nómina, historial do traballador.

Datos de información comercial: Actividades e negocios, creación artísticas, literarias, científicas ou técnicas, licencias comerciais, suscripcións a publicacións.

Datos económico-financeiros e de seguros: Ingresos, rendas, investimentos, bens patrimoniais, créditos, préstamos, avais, datos bancarios, plans de pensións, xubilación, datos económicos de nómina, datos deducións impositivas/impostas, seguros, hipotecas, subsidios, beneficios, historial de créditos, tarxetas de crédito.

Datos de transaccións: Bens e servizos subministrados polo afectado, bens e servizos fornecidos polo afectado, transaccións financeiras, compensacións e indemnizacións.

## CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Administracións públicas, Órganos xudiciais e forzos e corpos de seguridade.

## TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

## PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

## MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.